

Costa do Solpor, un relato da comarca a saborear desde a primeira páxina

- ***“A gran novela da Costa da Morte. (...) Magnífica recreación dun mundo e dunha época”.***
- ***“Un magnífico dominio da lingua galega (...) un gran dominio na construción dos personaxes”***

-“Con este libro, Lema Suárez bota a andar no terreo da literatura proseguindo os camiños iniciados no século XIX por Enrique Labarta Pose. Faino con excelencia, dado que converteu esta publicación na gran novela da Costa da Morte, non polas máis de 600 páxinas que contén, senón pola alta calidade que atesoura”.

-“Neste romance amósase un magnífico dominio da lingua galega. Percíbese un arduo traballo de selección da palabra precisa e preciosa para designar cada parte dunha embarcación veleira, cada accidente marítimo, o léxico de aproximación dun barco á costa. (...) Eu, cando leo un libro, busco que me sorprenda lingüisticamente tamén. Costa do Solpor logrouno.”

-“Outro dos valores da obra é a magnífica recreación dun mundo e dunha época. Créase aquí un universo local (aldeas e vilas da Costa da Morte), o provincial (o que nos leva á cidade da Coruña...), o Estado...”

-“Preséntase unha polifonía de temáticas deses mundos: as loitas relixiosas, o declive da nobreza, os persoeiros históricos, os nosos artistas históricos... Mención especial, por ser bastante descoñecido, ao mundo dos corsarios coruñeses, que oficialmente pasaban por ser homes de ben...”

-“Demóstrase un gran dominio na construción dos personaxes ao medraren psicoloxicamente ao longo das páxinas do libro, ao sufriren unha transformación interior. (...) Citamos a presenza do humorismo, que aparece nalgunha das páxinas (por exemplo, no mendiño farrapento e cheirento que vende queixos podres)”.

-“*Costa do Solpor* sóubome desde a primeira páxina, porque todo o que aquí se artella (aventuras, pasado, a identidade da Costa da Morte) encadra cos meus gustos lectores e tamén porque está escrito coa mestría dun experimentado narrador”.

-“Na biblioteca persoal teño libros aos que volvo en numerosas ocasións, síntome na obriga de rere todo ou en parte. Desde hoxe, *Costa do Solpor* será outro dos meus libros de relectura”.

(X.M. Varela Varela, *La Voz de Galicia* (ed. de Carballo), 25-4-2013 / *Lumieira. Revista galega de pastoral* nº 70-71, xaneiro 2013, pp. 175-177)